

**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**Modelo MD75PRO01**

**Programación de Acompañamento**

**Para Clave**

**(4º, 5º e 6º de Grao Profesional)**

**CURSO 2022-2023**



## ÍNDICE

|  |          |
|--|----------|
| <b>1. Introducción</b>   | <b>5</b> |
| 1.1. Xeralidades   | 5        |
| 1.2. Apropósito do clave   | 4        |
| <b>2. Metodoloxía</b>  | <b>6</b> |
| <b>3. Atención á diversidade</b>   | <b>6</b> |
| <b>4. Temas transversais</b>   | <b>7</b> |
| 4.1. Educación en valores  | 7        |
| 4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) | 7        |
| <b>5. Organización do 4º curso do Grao Profesional</b>                   | <b>8</b> |
| 5.1. Materias imprescindibles que os alumnos deben coñecer               | 8        |
| 5.2. Avaliación inicial e clases de reforzo                              | 9        |
| 5.3. Obxectivos  | 9        |
| 5.4. Contidos  | 10       |
| 5.5. Avaliación  | 11       |
| 5.5.1. Criterios de avaliación   | 11       |
| 5.5.2. Mínimos esixibles   | 13       |
| 5.5.3. Procedementos e ferramentas de avaliación                         | 13       |
| 5.5.4. Criterios de cualificación  | 13       |



|  |           |
|--|-----------|
| 5.5.5.Criterios para a concesión de ampliación de matrícula -----  | 14        |
| 5.6. Medidas de recuperación -----                                 | 14        |
| 5.6.1.Procedementos de recuperación ordinarios -----               | 14        |
| 5.6.2.Probas extraordinarias de xuño -----                         | 14        |
| 5.7. Recursos didácticos -----                                     | 15        |
| <b>6. Organización do 5o curso do Grao Profesional -----</b>       | <b>15</b> |
| 6.1.Materias imprescindibles que os alumnos deben coñecer -----    | 15        |
| 6.2.Avaliación inicial e clases de reforzo -----                   | 15        |
| 6.3.Obxectivos -----   | 16        |
| 6.4. Contidos -----  | 16        |
| 6.5. Avaliación -----  | 17        |
| 6.5.1. Criterios de avaliación -----                               | 17        |
| 6.5.2. Mínimos esixibles -----                                     | 18        |
| 6.5.3. Procedementos e ferramentas de avaliación -----             | 19        |
| 6.5.4. Criterios de cualificación -----                            | 19        |
| 6.5.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula ----- | 19        |
| 6.6. Medidas de recuperación -----                                 | 19        |
| 6.6.1. Procedementos de recuperación ordinarios -----              | 19        |
| 6.6.2. Probas extraordinarias de xuño -----                        | 20        |
| 6.7. Recursos didácticos -----                                     | 20        |



|  |           |
|--|-----------|
| <b>7. Organización do 6o curso do Grao Profesional</b>                       | <b>20</b> |
| 7.1. Materias imprescindibles que os alumnos deben coñecer                   | 20        |
| 7.2. Avaliación inicial e clases de reforzo                                  | 21        |
| 7.3. Obxectivos  | 21        |
| 7.4. Contidos  | 21        |
| 7.5. Avaliación  | 22        |
| 7.5.1. Criterios de avaliación   | 22        |
| 7.5.2. Mínimos esixibles   | 23        |
| 7.5.3. Procedementos e ferramentas de avaliación                             | 24        |
| 7.5.4. Criterios de cualificación  | 24        |
| 7.6. Medidas de recuperación   | 24        |
| 7.6.1. Procedementos de recuperación ordinarios                              | 24        |
| 7.6.2. Probas extraordinarias de xuño  | 24        |
| 7.7. Recursos didácticos   | 25        |
| <b>8. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica</b> | <b>25</b> |
| <b>9. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento</b>   | <b>26</b> |
| <b>ANEXOS</b>  | <b>27</b> |
| Probas de acceso 5º de Grao Profesional                                      | 27        |
| Probas de acceso 6º de Grao Profesional                                      | 27        |



## 1. Introducción

### 1.1. Xeralidades

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir unha cualificación dos futuros profesionais da música.

A citada lei, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das Ensinanzas Profesionais de música, dentro das Ensinanzas Artísticas.

O Grao Profesional ten como fins os arriba citados e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación de concreción á devandita lei a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros de traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

### 1.2. A propósito do clave

Nos catorce anos que un alumno de clave pasa nun Conservatorio Profesional, ten outros tantos de clase de instrumento e dous máis de Música de Cámara.

Nesas dúas materias, o alumno fai basicamente dúas cousas: aprender a técnica do instrumento e interpretar obras escritas por outros, o que supón comprender o estilo e tódolos aspectos filolóxicos que eso conleva como si de una lingua se tratara.

Dedica a isto, por expresalo así, o equivalente a 16 anos de ensino, en canto a número de horas se refire.

Pero aínda que o clave posee un repertorio dunha calidade excepcional tamén era utilizado para acompañar óperas, concertos e todo tipo de obras musicais. Era o



soporte armónico esencial para calquera grupo instrumental ademais do órgano e outros instrumentos aue podían facer harmonías.

## **2. Metodoloxía**

As clases impartiranse en grupos de tres mesmo de dous se o número de alumnos matriculados o esixise, pero nunca de máis de tres. A razón de traballar con número tan reducido é que iso permite facer traballo de grupo e á vez atender individualmente cada alumno. A clase en grupo é enriquecedora ao nutrirse cada alumno das ideas dos demais e o número reducido, ademais de permitir a atención individual, axuda a impedir que algún alumno con carencias quede demorado con respecto aos outros. Debido a isto, todas as cuestións teóricas que se sinalan nos Contidos, enténdese que serán realizadas, non sobre o papel se non directamente no clave e como norma xeral, non se tratarán asuntos teóricos que non vaian ser levados á práctica durante o curso.

## **3. Atención á diversidade**

O alumnado do conservatorio habitualmente esta dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de musica cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado variado en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular, que e o conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, o profesor poderá utilizar, entre outros, os seguintes recursos:



- ♣ Adaptacións do material didáctico.
- ♣ Variacións da metodoloxía.
- ♣ Propoñer actividades de traballo alternativas.
  
- ♣ Organizar o traballo de forma flexible.
- ♣ Acelerar ou frear o ritmo de novos contidos.

## **4. Temas transversais**

### **4.1. Educación en valores**

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe despertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente e coa palabra dada ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

### **4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (T.I.C.)**

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cínquese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias



que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das T.I.C. pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición dematerial electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc. O uso de todos os materiais relacionados coas T.I.C. empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

## **5. Organización do 4º curso do Grao Profesional**

### **5.1. Materias imprescindibles que os alumnos deben coñecer**

Para poder afrontar os estudos de Cuarto Curso cunha certa solvencia, os alumnos deben coñecer as materias que se citan a continuación e desenvolver, ademais, unha aceptable habilidade para levalas ao clave:





-Coñecemento das tríadas maiores menores e diminuídas, así como a regra da octava

-Enlaces básicos con tríadas a catro voces usando grados. Práctica no clave.

-Baixo Cifrado: enlaces a catro voces usando tríadas. Acordes aumentados e diminuídos en compuestos, derivados da polifonía. Práctica no clave.

## 5.2. Evaluación Inicial e clases de reforzo

Tras facer unha avaliación do alumnado ao comezo do curso, se verán as carencias de coñecementos que hay, e si é preciso dedicar algunhas clases a soluciónalas.

Posto que non foi previsto facer dita avaliación con anterioridade á confección e entrega das programacións didácticas, é imposible saber o número de clases que

haberá que dedicar a este asunto.

Si alguén precisase máis atención, hai un horario de reforzo dedicado a tal fin.

## 5.3. Obxectivos

a) Coñecementos musicais básicos: Afianzamento e posta en práctica dos coñecementos e conceptos vistos nos anos anteriores nas diferentes materias de que se compoñen os estudos musicais (interválica, armaduras, cifrados, acordes, enlaces, etc.)

b) Harmónicos: Coñecemento e práctica dos acordes no teclado (formación, posicións, enlaces, etc.)

c) De análise: Comprensión real dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que conforman unha peza musical e como consecuencia diso, dos mecanismos propios de diferentes sistemas musicais, especialmente do sistema tonal.

d) De lectura e transporte: Aplicación da análise á lectura e transporte de pezas pianísticas acompañantes ou non.



e) De improvisación: Aplicación da análise á creación de melodías, acompañamentos ou pezas completas segundo as directrices de cada momento.

#### 5.4. Contidos

Máis abaixo, no apartado "**Explicación dos Contidos**", detállanse estes con máis precisión utilizando a terminoloxía musical imprescindible para explicalos.

##### a) Baixo cifrado

Ademais do coñecemento da regra da octava, os alumnos deberán saber hacer enlace de acordos dacordo cos seguintes aspectos

#### EXPLICACIÓN DOS CONTIDOS

Os acordos utilizados neste 4o curso son: todo tipo de tríades, Dominantes con 7a, menores con 7a e diminuídos con 7a. Todos os alumnos deben coñecelos e saber utilízalos.

##### a) Baixo cifrado:

1 : Primeira Inversión. Realización ao clave de baixos cifrados a catro partes, usando os enlâces de voces tradicionais con tríades en Estado Fundamental e Primeira Inversión. Uso de diferentes rítmicas. Estes baixos e algúns exercicios preparatorios aparecen entre a páxina 10 e a 24, do libro titulado Baixo Cifrado, que se atopa na aula.

2 : Segunda Inversión. Realización ao clave de baixos cifrados a catro partes, usando os enlâces de voces tradicionais con tríades en Estado Fundamental, Primeira e Segunda Inversión. Uso de diferentes rítmicas. Estes baixos e algúns exercicios preparatorios aparecen entre a páxina 25 e a 32, do libro titulado Baixo cifrado, que se atopa na aula.

3 : Círculo de Quintas. Enlace dá Dominante 7a Coa Tónica a catro voces, estando ambos os dous os dous en Estado Fundamental. Práctica das diferentes distribucións de voces e posicións e de rítmicas variadas.



b) Improvisación:

4 : Realización de acompañamentos ao clave enlazando sucesións de acordes e usando diferentes rítmicas tanto placadas como cos acordes despregados. Este contido é común a practicamente todos os demais e polo tanto, necesario para a realización de todos eles. Debido a iso, estará presente durante todo o curso

## 5.5. Avaliación

### 5.5.1. Criterios de avaliación

Nas diferentes avaliacións, os alumnos deberán ter os coñecementos e aptitudes que se especifican a continuación. Dado que os esixidos en cada avaliación (e en cada curso) son a base para estudos posteriores de maior complexidade, os alumnos deberán acreditar en cada avaliación, estar en posesión dos coñecementos e habilidades das anteriores.

#### Primeira Avaliación

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades maiores e menores.

-Coñecemento de todas as tríades maiores, menores e diminuídas, e os acordes de 7

-Baixo Cifrado: tríades en Estado Fundamental, Primeira e Segunda Inversións. Disposicións e enlaces.

-Enlace V7-I nas diferentes posicións.

-O Círculo de Quintas: coñecemento dos dous posibles

Dandrieu “Principes de l’accompagnement du Clavecin”: “Table pour s’exercer sur l’acord parfait ou naturel et de la sixte simple”

#### Segunda Avaliación



-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.

-Coñecemento dos acordes tríade, os de Sétima de Dominante, os menores con 7a e os disminuídos con 7a no teclado

-Realización de baixos cifrado usando os enlaces tradicionais. Tríades en Estado Fundamental e inversións.

-Enlace V7-I. Progresións usando o círculo de quintas (I). Uso de diferentes rítmicas.

Dandrieu “Principes de l’accompagnement du Clavecin”: Primeira “Table pour s’exercer sur l’acord de la Petite Sixte et de la Fausse Quinte

#### Terceira Avaliación

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.

-Coñecemento dos acordes tríade, os de Sétima de Dominante, os menores con 7a e os diminuidos con 7a no teclado.

-Realización de baixos cifrado usando os enlaces tradicionais. Tríades en estado fundamental e inversións.

-Creación e desenvolvemento de Estruturas Harmónicas de oito compases. Tonalidades maiores e menores ata catro alteracións.

-Enlace V7-I. Progresións usando o círculo de quintas (II). Uso de diferentes rítmicas.

Dandrieu “Principes de l’accompagnement du Clavecin”: Primeira “Table pour s’exercer sur l’acord de la Sixte Doublée et de la Quinte et Sixte



### 5.5.2. Mínimos esixibles

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos acordes tríade, os de Sétima de Dominante e os menores con 7a no teclado

-Realización de baixos cifrados a vista usando os enlaces tradicionais. Tríades en estado fundamental e inversións. Deben ter continuidade rítmica, sen paradas non pertinentes.

-Creación e desenvolvemento de Estruturas Harmónicas de oito compases con finais cadenciais (sobre I e sobre VI) e semicadenciais (sobre IV e sobre V). Han de tocarse no clave usando diferentes desenvolvementos rítmicos e facerse con continuidade rítmica, sen paradas non pertinentes.

-Enlace V7-I. Progresións usando o círculo de quintas e as diferentes posicións do V7.

Coñecemento das tablas de Dandrieu antes mencionadas

### 5.5.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

Tomarase en conta o rendemento e a participación na clase. Non se tomará en conta a asistencia nin o comportamento no aula.

Poderá estar complementada por algunhas probas na aula. Poderán ser orais ou escritas e realizaranse en calquera momento do curso.

### 5.5.4. Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Rendemento e participación na clase --- 70%



- Comprensión real mediante o análise, dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que conforman unha peza musical e a súa aplicación--
- 30%

### **5.5.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos e contidos do curso na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao Consello Escolar.

### **5.6. Medidas de recuperación**

Dado o carácter progresivo da materia, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora.

#### **5.6.1. Procedementos de recuperación ordinarios**

- Poderáselle avaliar ó alumno por medio dun exame que versará sobre os apartados que acaban de ser sinalados nestes Criterios de Avaliación. Se esta circunstancia se dá a final de curso, o exame poderá incluír materias das tres Avaliacións.

#### **5.6.2. Probas extraordinarias de xuño**

- Os alumnos que non aproben ao fin de curso, teñen dereito a un exame no mes de xuño. Este exame será realizado na aula polo profesor da materia e versará sobre todos os contidos do curso.

a) Realización dun exercicio con cuestións de interválica e tonalidades.

b) Tocar no clave acordes tríade acordes de 7a Dominante, menores con 7a e diminuídos con 7a co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.



c) Realización ao clave a catro partes de varios baixos cifrados usando os enlaces de voces tradicionais. Incluirá tríades en Estado Fundamental e inversións.

Realización de progresións usando o enlace V7-I.

d) Realización dos contados estudados nas tablas do libro de Dandrieu hasta o momento

### **5.7. Recursos didácticos**

A materia impártese nunha aula provista de un clave.

Utilizarase o libro de Jean-François Dandrieu “Principes de l’accompagnement au clavecin” ademais doutros materiais, feitos polo profesor da materia e recursos sacados de internet

## **6. Organización do 5º curso do Grao Profesional**

### **6.1. Materias imprescindibles que os alumnos deben coñecer**

Para poder afrontar os estudos de Quinto Curso cunha certa solvencia, os alumnos deben coñecer as materias que se citan a continuación e desenvolver, ademais, unha aceptable habilidade para levalas ao clave:

-Coñecemento das tríadas maiores menores e diminuídas, así como os acordes de 7a Dominante, os menores con 7a, os diminuídos con 7a e os acordes con 6a. Ser capaces de tocalos no clave sen titubeos.

-Baixo Cifrado: enlaces a catro voces usando tríadas en Estado Fundamental e inversións, así como as tablas xa estudadas do tratado de Dandrieu.

### **6.2. Avaluación Inicial e clases de reforzo**

Tras facer unha avaliación do alumnado ao comezo do curso, se verán as carencias de coñecementos que hay, e si é preciso dedicar algunhas clases a soluciónalas.



Posto que non foi previsto facer dita avaliación con anterioridade á confección e entrega das programacións didácticas, é imposible saber o número de clases que haberá que dedicar a este asunto.

Si alguén precisase máis atención, hai un horario de reforzo dedicado a tal fin.

### 6.3. Obxectivos

a) Coñecementos musicais básicos: Afianzamento e posta en práctica dos coñecementos e conceptos vistos nos anos anteriores nas diferentes materias de que se compoñen os estudos musicais (interválica, armaduras, cifrados, acordes, enlaces, etc.)

b) Harmónicos: Coñecemento e práctica dos acordes no teclado (formación, posicións, enlaces, etc.)

c) De análise: Comprensión real dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que conforman unha peza musical e como consecuencia diso, dos mecanismos propios de diferentes sistemas musicais, especialmente do sistema tonal.

### 6.4. Contidos

Máis abaixo, no apartado "**Explicación dos Contidos**", detállanse estes con máis precisión utilizando a terminoloxía musical imprescindible para explicalos.

a) Baixo cifrado:

-C1: Dominante con 7a. Realización ao clave de baixos cifrados a catro partes, usando os enlaces de voces tradicionais con tríades en Estado Fundamental e inversións así como con acordes de Dominante con 7a en Estado Fundamental. Uso de diferentes rítmicas. Estes baixos figuran nunha folla solta feita ex-profeso

-C2: Realización ao clave de baixos cifrados a catro partes, usando enlaces de voces tradicionais con tríades en Estado Fundamental e inversións así como con acordes de Dominante con 7a en Estado Fundamental e Primeira Inversión.





-C3: Realización ao clave de baixos cifrados a catro partes, usando os enlâces de voces tradicionais con tríades en Estado Fundamental e inversións así como con acordos de Dominante con 7a en Estado Fundamental, Primeira e Segunda Inversión. . Uso de diferentes rítmicas. Estes baixos figuran nunha folla solta feita ex-profeso

-C4: Realización ao clave de baixos cifrados a catro partes, usando os enlâces de voces tradicionais con tríades e acordos de Dominante con 7a en Estado Fundamental e inversións. Uso de diferentes rítmicas. Estes baixos e algúns exercicios preparatorios aparecen entre a páxina 33 e a 48, do libro titulado Baixo cifrado, que se atopa na aula.

## 6.5. Avaliación

### 6.5.1. Criterios de avaliación

Nas diferentes avaliacións, os alumnos deberán ter os coñecementos e aptitudes que se especifican a continuación. Dado que os esixidos en cada avaliación (e en cada curso) son a base para estudos posteriores de maior complexidade, os alumnos deberán acreditar en cada avaliación, estar en posesión dos coñecementos e habilidades das anteriores.

#### Primeira Avaliación

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades maiores e menores.

-Coñecemento dos acordos tríade e todo tipo de acordos con 7a.

-Baixo Cifrado: coñecemento do cifrado para 7a Dominante en Estado Fundamental e inversión. Disposición e resolucións.

- Dandrieu. “Table pour séxercer sur l’acord du triton et de la Quarte”

#### Segunda Avaliación



- Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades maiores e menores.
- Coñecemento de tódolos acordes tríade e todos os acordes de Sétima no teclado
- Interpretación de blues usando acordes de 7a. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica.
- Realización de baixos cifrado usando os enlaces tradicionais usando acordes de Dominante con 7a en Estado Fundamental, e en 1a e 2a inversión.
- Dandrieu “Table pour s’exercer de l’acord de la seconde”

#### Terceira Avaliación

- Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.
- Coñecemento de todo os acordes tríade e todos os acordes de Sétima no teclado
- Realización de baixos cifrado usando os enlaces tradicionais. Acordes de Dominante con 7a, en Estado Fundamental e inversións.
- Dandrieu ““Table pour s’exercer de l’acord de la Setième”

#### 6.5.2. Mínimos esixibles

- Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.
- Coñecemento claro, rápido e seguro de todo os acordes tríade e todos os acordes de Sétima no teclado
- Realización de baixos cifrados a vista usando os enlaces tradicionais. Acordes de Dominante con 7a, en Estado Fundamental e inversións.
- realización das tablas de Dandrieu estudadas hasta o momento.

### **6.5.3. Procedementos e ferramentas de avaliación**

Tomarase en conta o rendemento e a participación na clase. Non se tomará en conta a asistencia nin o comportamento no aula.

Poderá estar complementada por algunhas probas na aula. Poderán ser orais ou escritas e realizaranse en calquera momento do curso.

### **6.5.4. Criterios de cualificación**

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Rendemento e participación na clase --- 70%

-Comprensión real mediante o análise, dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que conforman unha peza musical --- 30%

### **6.5.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así

como ter superados os obxectivos e contidos do curso na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao Consello Escolar.

## **6.6. Medidas de recuperación**

Dado o carácter progresivo da materia, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora.

### **6.6.1. Procedementos de recuperación ordinarios**

Se poderá avaliar ó alumno por medio dun exame que versará sobre os apartados que acaban de ser sinalados nestes Criterios de Avaliación. Se esta circunstancia se dá a final de curso, o exame poderá incluír materias das tres avaliacións.



### 6.6.2. Probas extraordinarias de xuño

-Os alumnos que non aproben ao fin de curso, teñen dereito a un exame no mes de xuño. Este exame será realizado na aula polo profesor da materia e versará sobre todos os contidos do curso.

a) Realización dun exercicio con cuestións de intervállica e tonalidades.

b) Tocar no clave todo tipo de acordes de 7a, co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.

c) Realización ao clave a catro partes de varios baixos cifrados usando os enlaces de voces tradicionais. Incluirán tríades e acordes de Dominante con 7a en Estado Fundamental e inversións.

d) realización no clave das tablas de Dandrieu estudiadas hasta o momento

### 6.7. Recursos didácticos

A materia impártese nunha aula provista de un clave.

Utilizarase o libro de Jean-François Dandrieu “Principes de l’accompagnement au clavecin” ademais doutros materiais, feitos polo profesor da materia e recursos sacados de internet

## 7. Organización do 6º curso do Grao Profesional

### 7.1. Materias imprescindibles que os alumnos deben coñecer

Para poder afrontar os estudos de Sexto Curso cunha certa solvencia, os alumnos deben coñecer as materias que se citan a continuación e desenvolver, ademais, unha aceptable habilidade para levalas ao clave:

-Coñecemento das tríadas maiores menores e diminuídas, así como os acordes con sexta e todo tipo de acordes con sétima. Ser capaces de totalos no clave sen titubeos.



-Realización completa da *regla da octava* así como todas as tablas do libro de Jean-François Dandrieu

## 7.2. Evaluación Inicial e clases de reforzo

Tras facer unha avaliación do alumnado ao comenzo do curso, se verán as carencias de coñecementos que hay, e si é preciso dedicar algunhas clases a solucionarlas.

Posto que non foi previsto facer dita avaliación con anterioridade á confección e entrega das programacións didácticas, é imposible saber o número de clases que haberá que dedicar a este asunto.

Si alguén precisase máis atención, hai un horario de reforzo dedicado a tal fin.

## 7.3. Obxectivos

- a) Coñecementos musicais básicos: Afianzamento e posta en práctica dos coñecementos e conceptos vistos nos anos anteriores nas diferentes materias de que se compoñen os estudos musicais (interválica, armaduras, cifrados, acordes, enlaces, etc.)
- b) Harmónicos: Coñecemento e práctica dos acordes no teclado (formación, posicións, enlaces, etc.)
- c) De análise: Comprensión real dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que conforman unha peza musical e como consecuencia diso, dos mecanismos propios de diferentes sistemas musicais, especialmente do sistema tonal.

## 7.4. Contidos

Máis abaixo, no apartado "**Explicación dos Contidos**", detállanse estes con máis precisión utilizando a terminoloxía musical imprescindible para explicalos.

Ademais estes contidos, veranse, durante os primeiros meses de clase, diferentes materias que se deixaron de tratar ou se trataron de forma incompleta anteriormente.



## EXPLICACIÓN DOS CONTIDOS

Todo tipo de tríades e todo tipo de sétimas, así como acordes que aparecen no libro de Dandrieu

a) Baixo cifrado:

1: Realización ao clave de baixos cifrados a catro partes, usando os enlaces de voces tradicionais con tríades, sétimas de Dominante e sétimas de Sensible, en Estado Fundamental e inversións. Uso de diferentes rítmicas.

2: Realización ao clave de baixos cifrados a catro partes, usando os enlaces de voces tradicionais con tríades, sétimas de Dominante e sétimas Disminuíds, en Estado Fundamental e inversións. Uso de diferentes rítmicas.

3: Realización ao clave de baixos cifrados a catro partes, usando os enlaces de voces tradicionais con tríades e sétimas de todo tipo, en Estado Fundamental e inversións.

4 realización de baixos cifrados cantatas, sonatas ou outras obras barrocas disponibles en internet.

### **7.5. Avaliación**

#### **7.5.1. Criterios de avaliación**

Nas diferentes avaliacións, os alumnos deberán ter os coñecementos e aptitudes que se especifican a continuación. Dado que os esixidos en cada avaliación (e en cada curso) son a base para estudos posteriores de maior complexidade, os alumnos deberán acreditar en cada avaliación, estar en posesión dos coñecementos e habilidades das anteriores.

#### Primeira Avaliación

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades maiores e menores.



-Dandrieu “Table por s’exercer sur l’acord de la Neuvième et de la Quarte Consonante”

#### Segunda Avaliación

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.

-Dandrieu “Table por s’exercer sur l’acord de la Setième et Neuvième”

-Realización de baixos cifrados en obras talea como cantatas, concertos ou sonatas.

#### Terceira Avaliación

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.

-Coñecemento de todo tipo de acordes no teclado.

-Dandrieu “Table por s’exercer sur l’acord de la Setième Superflue et de la Setième Superflue jointe à la Sixte Mineur” y do resto de tablas hasta o final do libro.

-Realización de baixos cifrados en obras talea como cantatas, concertos ou sonatas.

#### **7.5.2. Mínimos esixibles**

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.

-Coñecemento claro, rápido e seguro de todo tipo de acordes no teclado.

-Realización de baixos cifrados a vista usando os enlaces tradicionais. Acordes con todo tipo de sétimas sobre todos os graos, tanto en Estado Fundamental como invertidos.. Deben facer continuidade rítmica, sen paradas non pertinentes.

- Realización de calquera das tablas do libro de Dandrieu

-Realización de baixos cifrados en obras talea como cantatas, concertos ou sonatas.



### **7.5.3. Procedementos e ferramentas de avaliación**

Tomarase en conta o rendemento e a participación na clase. Non se tomará en conta a asistencia nin o comportamento no aula.

Poderá estar complementada por algunhas probas na aula. Poderán ser orais ou escritas e realizaranse en calquera momento do curso.

### **7.5.4. Criterios de cualificación**

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Rendemento e participación na clase --- 70%

-Comprensión real mediante o análise, dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que conforman unha peza musical --- 30%

## **7.6. Medidas de recuperación**

Dado o carácter progresivo da materia, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora.

### **7.6.1. Procedementos de recuperación ordinarios**

- poderáse facerlle ó alumno un exame que versará sobre os apartados que acaban de ser sinalados nestes Criterios de Avaliación. Se esta circunstancia se dá a final de curso, o exame poderá incluír materias das tres Avaliacións.

### **7.6.2. Probas extraordinarias de xuño**

-Os alumnos que non aproben ao fin de curso, teñen dereito a un exame no mes de xuño. Este exame será realizado na aula polo profesor da materia e versará sobre todos os contidos do curso.

a) Realización dun exercicio con cuestións de intervállica e tonalidades.



b) Tocar no clave todo tipo de acordes, co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.

c) Realización ao clave a catro partes de varios baixos cifrados usando os enlaces de voces tradicionais. Incluirá tríades e todo tipo de sétimas, en Estado Fundamental e inversións.

- Realización de calquera das tablas do libro de Dandrieu

-Realización de baixos cifrados en obras talea como cantatas, concertos ou sonatas

### **7.7. Recursos didácticos**

A materia impártese nunha aula provista de un clave.

Utilizarase o libro de Jean-François Dandrieu “Principes de l’accompagnement au clavecin” ademais doutros materiais, feitos polo profesor da materia e recursos sacados de internet

## **8. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**

A confección desta programación (e as das demais do Departamento), non é obra do Departamento en si, tal como - descoñecendo a realidade dos Conservatorios de Música - está lexislado, se non dos profesores das diversas materias.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, para un bo desenvolvemento da acción tutorial e unha atención individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.



## 9. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, avaliando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos e outros

Deben terse en conta as características individuais de cada alumno: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interés na materia, etc.

Comentaranse regularmente os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna.

Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc.; en definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón só dunha forma teórica.



## ANEXOS

### Proba de acceso a Quinto Curso de Grao Profesional

Os alumnos que pretendan ingresar en Quinto Curso de Grao Profesional mediante a chamada "Proba de Acceso", deberán acreditar estar en posesión dos coñecementos e habilidades esixidos en Cuarto Curso. Para iso deberán superar con éxito as probas que se especifican a continuación:

- a) Realización dun exercicio con cuestións de intervállica e tonalidades.
- b) Tocar no clave acordes tríade acordes de 7a Dominante, menores con 7a e disminuídos con 7a co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.
- c) Realización ao clave a catro partes de varios baixos cifrados usando os enlaces de voces tradicionais. Incluirá tríades en Estado Fundamental e inversións.  
Realización de progresións usando o enlace V7-I.

### Proba de acceso a Sexto Curso de Grao Profesional

Os alumnos que pretendan ingresar en Sexto Curso de Grao Profesional mediante a chamada "Proba de Acceso", deberán acreditar estar en posesión dos coñecementos e habilidades esixidos en Quinto Curso. Para iso deberán superar con éxito as probas que se especifican a continuación:

- a) Realización dun exercicio con cuestións de intervállica e tonalidades.
- b) Tocar no clave todo tipo de acordes de 7a, co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.
- c) Realización ao clave a catro partes de varios baixos cifrados usando os enlaces de voces tradicionais. Incluirán tríades e acordes de Dominante con 7a en Estado Fundamental e inversións.

Realización de progresións usando o enlace V7-I.

- d) Interpretación ao clave, tanto do acompañamento só, como da melodía xunto co seu

-Realización completa da *regla da octava* así como todas as tablas do libro de Jean-François Dandrieu